

## CADRO DE INDICADORES



## OBXECTIVO XERAL

Garantir recursos económicos mínimos e mellorar o acceso aos servizos e equipamentos do sistema de servizos sociais

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Incrementar de maneira territorialmente equilibrada a cobertura do sistema integrado de servizos sociais*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Establecer un mapa de dotación de recursos sociais de acordo coas características de áreas sociais definidas en función de parámetros obxectivos que parta dunha rede estable de servizos sociais municipais de atención primaria baseados en equipos humanos de carácter interdisciplinario.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Existencia dun mapa de servizos sociais de Galicia</li> <li>N.º de áreas sociais definidas</li> <li>N.º de concellos con servizos sociais de atención primaria interdisciplinaria</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
<i>Reducir os desequilibrios no acceso das persoas aos equipamentos de servizos sociais nas zonas rurais galegas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Taxa de ocupación dos servizos sociais dos concellos rurais</li> <li>Volume de poboación galega que reside no rural</li> <li>Volume de poboación atendida polos servizos sociais dos concellos rurais</li> </ul>		Concellos/ Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
<i>Establecer unha rede de centros de igualdade e do benestar para o reforzo territorial das medidas activas nesta área de actuación.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º total de centros na comunidade autónoma</li> <li>N.º total de profesionais que prestan servizo nos centros da rede*</li> <li>Volume de poboación atendida polos centros da rede*</li> </ul>		Consortio Galego
<i>Establecer unha rede de centros de atención á dependencia.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º total de centros que conforman a rede</li> <li>N.º total de profesionais que traballan nos centros que conforman a rede*</li> <li>N.º total de persoas atendidas polos centros da rede*</li> </ul>		Consortio Galego

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Mellorar a calidade no funcionamento, a especialización e a complementariedade dos recursos públicos e privados do sistema galego integrado dos seus servizos e equipamentos*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Establecer un sistema de coordinación (operativizado a través da implantación do propio plan e o seu equipo técnico coordinador) entre os sectores público e privado que traballan cos colectivos de exclusión social, procurando a non duplicidade das intervencións, así como a súa especialización e profesionalización.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Existencia dun manual de procedemento e protocolos de actuación que reflectan a estratexia de coordinación</li> <li>N.º de persoas implicadas no deseño do sistema de coordinación*</li> <li>N.º de exemplares do manual de procedemento editados</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar / Consorcio Galego
<i>Especializar a orientación dos servizos públicos, adoptando instrumentos e pautas de detección e intervención cada vez máis específicos para atender a colectivos nunha situación grave de pobreza.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de programas específicos dirixidos a colectivos vulnerables no marco do plan</li> <li>N.º total de participantes nos programas específicos do plan*</li> <li>N.º de persoas que causan baixa nestes programas por inserción social e/ou laboral</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consorcio Galego
<i>Detectar e intervir nos novos problemas sociais (integración/ igualdade da muller, drogodependencias, atención á dependencia...).</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de plans específicos postos en marcha por colectivo de intervención</li> <li>N.º de concellos implicados nos diferentes plans, por areas comarcais</li> <li>N.º de participantes dos diferentes plans específicos*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consorcio Galego
<i>Aumentar os esforzos do sistema na prevención da cronificación e desencadeamento de condicionantes da pobreza nas persoas e unidades familiares.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de persoas perceptoras da RISGA con complemento familiar e complemento de inserción, por provincia*</li> <li>N.º de persoas perceptoras das axudas de emerxencia social*</li> <li>N.º de persoas ás que se lles extingue a prestación por acceso a recursos económicos, por provincia*</li> <li>N.º de persoas que retoman a prestación tras baixa temporal*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

\* Datos desagregados por sexo

*Continua...*

Continuación

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Afondar no coñecemento sobre o grao de información, uso e valoración da poboación en relación cos servizos sociais.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de estudos realizados</li> <li>• N.º de estudos/ investigacións publicados</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consortio Galego
<i>Realizar campañas de información para procurar o coñecemento da cidadanía dos servizos e equipamentos públicos de tipo social.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de campañas realizadas por ámbito territorial</li> <li>• Volume de poboación destinataria</li> <li>• N.º e tipo de materiais editados</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consortio Galego

\* Datos desagregados por sexo

**OBXECTIVO ESPECÍFICO**

*Reformar o dispositivo de rendas mínimas en Galicia (RISGA) e a súa tramitación*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Modificar cunha metodoloxía participativa a renda de integración social de Galicia, de maneira que se configure como un dobre dereito: aseguramento dunha cobertura mínima de ingresos e apoio técnico económico no proceso de activación/inserción (mellora da empregabilidade).</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reformas cuantitativas e cualitativas da RISGA propostas</li> <li>• Reformas cuantitativas e cualitativas da RISGA aprobadas por lei</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
<i>Establecer unha coordinación real entre os actores do plan de inclusión e os tramitadores e o persoal técnico da renda de integración social de Galicia.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º e tipo de mecanismos de coordinación formais entre o persoal técnico do plan de inclusión e o persoal técnico das unidades tramitadoras da RISGA</li> <li>• N.º de xuntanzas entre ambos os axentes por provincia</li> <li>• Frecuencia das xuntanzas/contactos entre ambos por provincia</li> </ul>		Consortio Galego/ Vicepresidencia- UTAS

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO XERAL

Aumentar a participación no emprego das persoas e dos colectivos máis arredados do mercado de traballo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Promover a incorporación e permanencia no mercado de traballo, especialmente dos colectivos altamente vulnerables, mediante medidas activas e preventivas que permitan mellorar a súa empregabilidade*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Crear equipos de inclusión sociolaboral nas sete grandes cidades e en doce áreas comarcais, vinculados operativamente ao sistema de servizos sociais, co obxectivo principal de promover a inserción social e laboral dos colectivos en situación ou grave risco de exclusión social, mediante a realización de itinerarios individualizados e integrais de inserción social, desde unha perspectiva ligada ás potencialidades do territorio e ao seu tecido social e produtivo.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de equipos de inclusión sociolaboral</li> <li>• N.º de participantes con itinerarios deseñados por idade e por equipo urbano</li> <li>• N.º de persoas participantes que causan baixa por inserción social e/ou laboral, por equipo urbano</li> <li>• N.º de participantes con itinerarios deseñados, por idade e por equipos comarcais*</li> <li>• N.º de persoas participantes que causan baixa por inserción social e/ou laboral, por equipo comarcal</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego/ Concellos
<i>Desenvolver medidas de acompañamento social, e programas intermedios de capacitación e adquisición de hábitos sociais e laborais e de formación complementaria, para as persoas en risco ou situación de exclusión social, desde os servizos sociais e en colaboración coas ONG.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de persoas beneficiarias das medidas e servizos de acompañamento social*</li> <li>• N.º de actuacións preformativas: educación básica e social</li> <li>• N.º de participantes nas actividades de educación básica e social*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego/ Concellos

\* Datos desagregados por sexo

Continúa...

Continuación

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Potenciar a creación de aulas de intermediación sociolaboral en que se fomente e posibilite o uso das novas tecnoloxías para a busca activa de emprego.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de aulas creadas e postas en funcionamento, no total galego e por provincia</li> <li>• N.º de persoas participantes por aula e totais por provincia e Galicia*</li> <li>• N.º de participantes que atopan emprego*</li> <li>• N.º de equipos de NTIC totais dispoñibles</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego/ Consellería de Traballo
<i>Implantar mecanismos de cooperación entre os servizos sociais e os servizos de información e orientación da Consellería de Traballo e das administracións locais.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de programas/ medidas/ servizos e/ou actuacións conxuntas levadas a cabo</li> <li>• Volume de poboación destinataria das accións conxuntas</li> <li>• N.º e tipo de recursos destinados ao desenvolvemento de accións conxuntas</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego/ Consellería de Traballo
<i>Promover programas específicos dirixidos á inserción laboral de persoas con discapacidade.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º e tipo de entidades de iniciativa social coas que se asina convenio ou contrato para o desenvolvemento de programas específicos de inserción laboral no marco do II Plan Galego de Inclusión Social</li> <li>• N.º de participantes con discapacidade en cada unha das actividades desenvolvidas, por sexo, idade e nivel de estudos finalizados*</li> <li>• N.º de persoas con discapacidade que acadan a súa inserción laboral, por idade e sexo *</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Establecer instrumentos de colaboración coas empresas para fomentar o emprego de persoas en situación ou grave risco de exclusión social e outros colectivos desfavorecidos, a través da mediación laboral*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Poñer en marcha accións de sensibilización e formación en igualdade de oportunidades no emprego.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de accións de difusión/ sensibilización levadas a cabo</li> <li>N.º de actividades formativas en igualdade de oportunidades no emprego</li> <li>N.º de materiais de difusión/sensibilización editados</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consortio Galego/ Consellería de Traballo
<i>Divulgar información sobre os recursos e medidas promotoras do emprego, como os incentivos á contratación por conta allea, de persoas pertencentes a colectivos con especiais dificultades de inserción no mercado de traballo.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de materiais/ documentos de apoio editados e publicados</li> <li>N.º de empresas/ organizacións beneficiarias dos incentivos á contratación</li> <li>N.º de traballadores/as con contratos suxeitos aos incentivos*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego/ Consellería de Traballo
<i>Fomentar a responsabilidade social corporativa, especialmente na súa dimensión interna, a través do compromiso da empresa coas súas persoas empregadas, e na súa dimensión externa, facilitando a realización de accións socialmente responsables no seu contorno local.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de empresas que forman parte da Rede de Empresas Colaboradoras do II Plan Galego de Inclusión Social</li> <li>N.º de persoas contratadas por empresas que conforman a rede*</li> <li>N.º de persoas que realizan prácticas laborais nas empresas da rede*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego
<i>Colaborar nos procesos de selección de persoal, facilitando candidaturas axustadas ao perfís demandados polas empresas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de empresas contactadas polo persoal técnico do plan</li> <li>N.º de ofertas xestionadas</li> <li>N.º de participantes seleccionados/as, por idade*</li> <li>N.º de empresas que realizan cursos con compromiso de contratación para participantes do plan</li> <li>N.º de persoas participantes que acadan un emprego tras realizar formación na empresa*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego

\* Datos desagregados por sexo



## OBXECTIVO ESPECÍFICO

Proporcionar contidos e programas formativos para a inserción laboral adaptados ás esixencias do mercado de traballo

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Realizar estudos ocupacionais e do mercado laboral a nivel comarcal que permitan novos viveiros de emprego e cambios no mercado de traballo.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de estudos ocupacionais realizados</li> <li>N.º de comarcas comprendidas nos estudos</li> <li>N.º de familias profesionais por estudo</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consortio Galego/ Consellería de Traballo
<i>Elaborar un mapa de recursos de promoción económica e fomento do emprego nas áreas territoriais de intervención do plan.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Existencia do mapa de recursos</li> <li>N.º de áreas comarcais en que se realiza o mapa de recursos</li> <li>N.º de exemplares editados ou difundidos</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consortio Galego/ Consellería de Traballo
<i>Promover unha formación ocupacional adaptada ás características específicas das persoas pertencentes a colectivos en situación ou en grave risco de exclusión social, a través da flexibilización dos programas de formación e dos requisitos de acceso para cursar estes.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de medidas acordadas para favorecer a adaptación da metodoloxía ás persoas en situación ou en grave risco de exclusión social</li> <li>N.º de participantes do plan que acceden a cursos de Formación Ocupacional*</li> <li>N.º de participantes do plan que finalizan cursos de Formación Ocupacional*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consortio Galego/ Consellería de Traballo

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Establecer unha rede de persoas orientadoras vinculadas aos centros territorializados do Servizo Público de Emprego para o acompañamento cara á inserción laboral de persoas con dificultades de inserción no mercado de traballo*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Implantar unha rede de orientadores vinculada á rede galega de oficinas de emprego.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de persoas orientadoras que conforman a rede*</li> <li>• N.º de orientadores/as da rede por áreas comarcais*</li> <li>• N.º de persoas atendidas pola rede de orientadores/as, por área comarcal*</li> </ul>		Consellería de Traballo
<i>Incorporar unha metodoloxía de traballo baseada nos itinerarios personalizados de inserción laboral e referenciada á nova oferta de formación adaptada por comarcas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de itinerarios personalizados de inserción laboral deseñados, idade do/a participante e comarca*</li> <li>• N.º de persoas participantes que acceden á formación, por comarca*</li> <li>• N.º de participantes que cumpren obxectivos de formación, por comarca*</li> </ul>		Consellería de Traballo
<i>Establecer unha coordinación operativa co sistema de servizos sociais para a identificación de persoas usuarias e a complementariedade dos procesos.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Deseño e publicación da estratexia de coordinación entre profesionais dos distintos entes participantes nos procesos de inserción sociolaboral</li> <li>• N.º de acordos de colaboración acordados entre profesionais dos distintos entes participantes nos procesos de inserción sociolaboral</li> <li>• N.º de programas conxuntos de actuacións postos en marcha</li> </ul>		Consellería de Traballo

\* Datos desagregados por sexo

### OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Impulsar o desenvolvemento dun marco regulamentario de iniciativas e medidas destinadas a favorecer a inserción laboral de persoas pertencentes a colectivos con desvantaxe no acceso ao mercado de traballo*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Implantar e desenvolver a normativa reguladora de empresas de inserción na Comunidade Autónoma de Galicia para a regulación de iniciativas de economía social.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Existencia dunha lei específica reguladora de empresas de inserción</li> <li>N.º de empresas de inserción rexistradas en Galicia</li> <li>N.º de persoas formadas e derivadas a empresas de inserción</li> </ul>		Consellería de Traballo
<i>Aprobar medidas de mellora real da igualdade laboral das mulleres.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Existencia da Lei do traballo en igualdade das mulleres</li> <li>N.º e tipo de mecanismos postos en marcha para facela efectiva</li> <li>N.º de novas medidas aprobadas no ano</li> </ul>		Consellería de Traballo

\* Datos desagregados por sexo

## EIXE II

## COORDINACIÓN CON OUTROS ÁMBITOS

## OBXECTIVO XERAL

Promover o acceso e mantemento da vivenda de persoas con rendas baixas e socialmente desfavorecidas

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Establecer un marco xeral de acción positiva que facilite o acceso á vivenda da poboación con menos recursos e dos colectivos en risco de exclusión social*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Políticas de axudas para acceso a unha vivenda de calidade a chabolistas e emigrantes retornados/as, a adquirentes con baixos ingresos, ás mulleres con cargas familiares non compartidas, ás familias monoparentais, ás familias con persoas con discapacidade, ás persoas maiores e familias cun/ cunha maior a cargo e ás vítimas da violencia de xénero ou do terrorismo.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de axudas concedidas para adquisición de primeira vivenda en réxime especial por colectivo relacionado</li> <li>• Contía orzamentaria dispoñible para as axudas destinadas a persoas pertencentes aos colectivos relacionados</li> <li>• Contía orzamentaria executada en axudas concedidas destinadas a persoas pertencentes aos colectivos relacionados</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Axudas a solicitantes con ingresos que non excedan en 1,5 veces o IPREM, de ata o 25% do prezo total da vivenda (cunha contía máxima de 17.000 euros).</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de axudas concedidas a persoas con ingresos que non exceden en 1,5 veces o IPREM</li> <li>• N.º de axudas non concedidas por non acadar ingresos superiores a 0,7 veces o IPREM</li> <li>• Contía orzamentaria executada para subvencións destinadas á adquisición de vivenda de persoas con ingresos que non exceden en 1,5 veces do IPREM</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo

\* Datos desagregados por sexo

*Continua...*

Continuación

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Axudas a vivenda en aluguer. Contrato de xestión coas persoas propietarias que garanta os seus dereitos e facilitación do acceso a este mercado de demandantes sen outra vivenda. Axudas a inquilinos/as coa contía xeral da diferenza entre a renda anual de aluguer e o 30% dos ingresos ponderados anuais da unidade familiar.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de axudas en aluguer concedidas</li> <li>N.º de persoas sen outra vivenda que ás que se lles concede axuda para o aluguer*</li> <li>Contía orzamentaria executada para axudas de aluguer nestes termos</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo

\* Datos desagregados por sexo

**OBXECTIVO ESPECÍFICO**

*Mellorar as oportunidades de acceso á vivenda de familias con fillos e fillas*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Apoio a familias con fillos/as e con ingresos medios ou baixos. Incremento das axudas para a adquisición de vivenda ás familias numerosas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de modalidades axudas existentes destinadas a familias con fillos/as e con ingresos medios ou baixos</li> <li>N.º de axudas concedidas a familias con fillos/as con ingresos medios ou baixos</li> <li>Contía orzamentaria executada en axudas destinadas a familias con fillos/as e con ingresos medios ou baixos</li> <li>Contía orzamentaria executada en axudas destinadas a familias numerosas</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Posta en marcha dunha nova liña de axudas para familias cun ou dous fillos/as adquirentes da súa primeira vivenda.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de modalidades de axudas existentes destinadas a familias cun ou dous fillos/as para facilitar o acceso á primeira vivenda</li> <li>N.º de familias cun ou dous fillos/as beneficiarias das axudas para adquisición da súa primeira vivenda.</li> <li>Contía orzamentaria total executada nesta liña de axudas a familias cun ou dous fillos/as.</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Mellorar as oportunidades de acceso a unha vivenda digna e de calidade á xente nova (de 18 a 35 anos) con ingresos insuficientes*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Apoio ao aluguer para xente nova con ingresos inferiores a 3,5 veces o IPREM, mediante axudas aos promotores de aloxamento de 40 a 50 m<sup>2</sup> de superficie útil.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de pisos de 40 a 50 m<sup>2</sup> construídos</li> <li>• N.º de pisos de 40 a 50 m<sup>2</sup> alugados por xente nova con ingresos inferiores a 3,5 veces o IPREM</li> <li>• Contía orzamentaria executada</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Medidas de apoio económico á xente nova para a adquisición da súa primeira vivenda de 40 a 50 m<sup>2</sup> de superficie útil, ademais de gastos de constitución ou subrogación da hipoteca e outros gastos de entrada.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de modalidades de axudas destinadas á xente nova</li> <li>• N.º de mozos/as beneficiarios/as das axudas para adquisición de vivenda</li> <li>• Contía orzamentaria executada destinada a axudas para a adquisición de vivenda por xente nova</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Establecer un marco de apoio financeiro aos concellos galegos para a superación das situacións de infravivenda rural e para a rehabilitación de vivenda rural*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Apoio a rehabilitación, reconstrución da infravivenda ou nova construción nos propios terreos das persoas afectadas, mediante o apoio do 80% do orzamento das obras en concellos de menos de 50.000 habitantes e do 65% no resto, cun máximo de 30.000 euros para rehabilitación e 45.000 euros para nova construción.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º persoas de concellos de menos de 50.000 habitantes beneficiarias das axudas para rehabilitación ou reconstrución da infravivenda, ou construción dunha nova no seu propio terreo</li> <li>N.º persoas de concellos de máis de 50.000 habitantes ás que se lles conceden axudas para rehabilitación ou reconstrución da infravivenda, ou construción dunha nova no seu propio terreo</li> <li>Contía orzamentaria executada</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Apoio ao acondicionamento ou construción de novas vivendas en terreos do concello.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de concellos beneficiarios de axudas para o acondicionamento ou construción de novas vivendas</li> <li>Contía orzamentaria executada</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Liña de axudas para a rehabilitación de vivenda rural, baseada en criterios de calidade, conservación do patrimonio e fomento da ocupación da vivenda e revitalización rural. Axudas a fondo perdido a persoas que habiten no rural con ingresos de ata 3,5 veces o IPREM e unha contía máxima do 40% do orzamento executado.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de persoas do rural que solicitan axudas para rehabilitación de vivenda rural nos termos descritos</li> <li>N.º de persoas ás que se lles conceden axudas para rehabilitación de vivenda rural nos termos descritos por concellos</li> <li>Porcentaxe máxima ou contía máxima da axuda</li> <li>Contía orzamentaria executada</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Erradicar o chabolismo*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Apoio aos concellos para a adquisición de vivendas novas ou usadas para o realoxamento das persoas chabolistas (ata o 80% do custo en concellos de menos de 50.000 habitantes).</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de concellos beneficiarios das axudas</li> <li>• N.º de vivendas novas e usadas adquiridas por concello</li> <li>• Contía orzamentaria executada</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Promoción privada de vivenda pola Consellería de Vivenda e Solo en terreos postos a dispoñer polo concello e posterior transmisión a este por un prezo que non excederá o 75% do custo de execución.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de concellos que suxeitos a esta medida</li> <li>• N.º de vivendas construídas</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Promoción de vivendas polos concello ou outros promotores públicos.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de vivendas de nova construción por concello</li> <li>• Orzamento total destinado a esta medida</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Subvención de alugueres: ata o 80% do importe en concellos de menos de 50.000 habitantes e 65% nos restantes. Máximo de 300 euros/mes por vivenda en ambos os casos.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de concellos beneficiarios das subvencións de alugueres</li> <li>• Contía orzamentaria executada</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Incluír nos programas de realoxamento actuacións de sensibilización da poboación xeral e de acompañamento coas poboacións a realoxar.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º medidas de sensibilización realizadas no marco de programas de realoxamento</li> <li>• N.º de medidas de acompañamento realizadas en programas de realoxamento</li> <li>• N.º de persoas/familias chabolistas realoxadas en vivendas de aluguer</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Desenvolvemento de actuacións específicas para acadar o acceso e permanencia das familias xitanas a vivendas de aluguer no marco da Bolsa de Vivenda e das políticas xerais de accesibilidade social.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de actuacións específicas para o acceso á Bolsa de Vivenda para a poboación xitana</li> <li>• N.º persoas/ familias xitanas beneficiarias das axudas para a vivenda de aluguer a través da Bolsa de Vivenda</li> <li>• Tempo medio de permanencia das persoas/familias nas vivendas de aluguer</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo

\* Datos desagregados por sexo



## OBXECTIVO ESPECÍFICO

### Rehabilitación de inmuebles en áreas urbanas de rehabilitación

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Adquisición e rehabilitación de inmuebles propios da Consellería de Vivenda e Solo para a mellora do patrimonio construído e rexuvenecemento das áreas de rehabilitación integral (ARI) e áreas de rehabilitación dos núcleos históricos (ARNH), poñendo a disposición vivenda en aluguer para a xente nova (de 18 a 35 anos) con ingresos inferiores a 3,5 veces o IPREM.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de vivendas propias da Consellería de Vivenda e Solo rehabilitadas e postas a disposición en réxime de aluguer</li> <li>N.º de persoas/familias xoves con ingresos inferiores a 3,5 veces o IPREM beneficiarias desta actuación</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Apoio a concellos en áreas de rehabilitación integral.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de concellos beneficiarios das axudas para rehabilitación integral</li> <li>Contía total do orzamento executado</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo
<i>Apoio a concellos en áreas de rehabilitación de centro histórico.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de concellos beneficiarios das axudas para rehabilitación de centro histórico</li> <li>Contía total do orzamento executado</li> </ul>		Consellería de Vivenda e Solo

\* Datos desagregados por sexo

## EIXE II

## COORDINACIÓN CON OUTROS ÁMBITOS

## OBXECTIVO XERAL

Promover o acceso á educación e a formación, previndo o fracaso escolar e aumentando os niveis de competencias

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Reforzar a escolarización temperá*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Promover a escolarización dos menores de familias desfavorecidas no 2º ciclo de Educación Infantil (3-6)</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de prazas ofertadas en Educación Infantil, por áreas de ocupación</li> <li>• N.º de modalidades de axudas para a escolarización de menores</li> <li>• N.º de protocolos de notificación de situación de absentismo escolar</li> </ul>		Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

\* Datos desagregados por sexo

**OBXECTIVO ESPECÍFICO**

*Reducir a taxa de abandono escolar prematuro, o absentismo e o fracaso escolar*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Potenciar a atención á diversidade nos centros educativos e desenvolver plans, programas e actuacións que contribúan ao logro deste obxectivo.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de centros educativos onde se desenvolven plans, programas e actuacións</li> <li>N.º de alumnos/as participantes nos programas de atención a diversidade</li> </ul>		Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
<i>Potenciar a orientación académica e profesional para que o alumnado, de acordo coas súas potencialidades persoais e coas súas necesidades, teña acceso á información precisa da oferta existente para a continuidade da súa formación.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de gabinetes de orientación nos centros educativos</li> <li>N.º de profesionais que traballan nos gabinetes de orientación*</li> <li>N.º de alumnos/as que acoden o servizo de orientación*</li> </ul>		Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
<i>Garantir unha oferta educativa flexible adaptada ás necesidades do alumnado en casos de baixo rendemento ou risco de abandono escolar.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de persoas alumnas que se acollen ás medidas de adaptación</li> <li>N.º de alumnos/as que rematan con éxito os ciclos formativos (alto rendemento e non abandono)</li> </ul>		Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Mellorar os niveis educativos da poboación adulta, estimulando a súa reincorporación ao sistema educativo*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Potenciar a participación das persoas en situación de exclusión, analfabetas ou con baixos niveis de estudos, nos programas de educación de persoas adultas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de prazas ofertadas por centro</li> <li>N.º de persoas analfabetas ou con baixo nivel de estudos participantes en programas de formación de adultos/as*</li> <li>N.º de alumnos/as inmigrantes nas aulas de educación de adultos/as*</li> </ul>		Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
<i>Adaptar as condicións de acceso e os horarios da oferta educativa para persoas adultas ás necesidades do alumnado.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º medidas establecidas para a mellora das condicións de acceso</li> <li>N.º de alumnos/as que comezan cursos de educación de persoas adultas*</li> <li>N.º de alumnos/as que rematan con éxito os ciclos formativos*</li> </ul>		Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
<i>Reforzar os apoios á educación mediante bolsas e outros recursos e difundir o seu coñecemento para garantir o acceso a estes de todas as familias.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de axudas concedidas</li> <li>Orzamento total executado</li> <li>N.º de materiais de difusión</li> </ul>		Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
<i>Crear canles de colaboración e coordinación entre os servizos educativos e os servizos de inclusión para adoptar medidas adaptadas a cada problemática, optimizando os recursos dispoñibles.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de persoas participantes do plan derivadas ao sistema educativo</li> <li>N.º de actuacións conxuntas levadas a cabo no territorio</li> <li>N.º de persoas beneficiarias destas medidas*</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO XERAL

Fomentar a accesibilidade e o uso normalizado dos servizos sanitarios da poboación en situación ou risco de exclusión social

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Mellorar a accesibilidade á rede sanitaria de colectivos socialmente desfavorecidos co fin de que poidan acadar un uso normalizado dos servizos e equipamentos de saúde*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Facilitar que todas as persoas en situación de exclusión dispoñan de tarxeta sanitaria como paso previo a un acceso normalizado ao sistema de saúde.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de persoas beneficiarias de servizos de apoio/acompañamento para a tramitación de solicitudes*</li> <li>• N.º de persoas participantes do plan derivadas a Sanidade para a obtención da tarxeta sanitaria*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
<i>Desenvolver programas conxuntos de sensibilización e información entre o sistema sanitario e os servizos sociais para divulgar o coñecemento e uso dos recursos sanitarios por parte da poboación socialmente desfavorecida.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de actuacións conxuntas desenvolvidas</li> <li>• N.º de persoas destinatarias das actuacións*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consellería de Sanidade
<i>Crear canles de comunicación permanente entre os servizos de atención primaria de saúde e os servizos sociais.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de protocolos de colaboración co persoal de atención primaria de saúde e os servizos sociais</li> <li>• N.º de reunións de traballo entre o persoal técnico</li> <li>• N.º de contactos iniciais e de seguimento entre o persoal técnico</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consellería de Sanidade

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Mellorar a protección sanitaria a través da cobertura de prestacións específicas a persoas en situación de exclusión*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Subvencionar a compra de axudas técnicas visuais, auditivas, ortopédicas, así como gastos de farmacia, para persoas excluídas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de accións conxuntas desenvolvidas</li> <li>• N.º de axudas concedidas</li> <li>• N.º de persoas beneficiarias das subvencións*</li> <li>• Orzamento global do programa de subvencións</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consellería de Sanidade
<i>Avanzar no coñecemento da exclusión no ámbito da saúde e identificar as necesidades sanitarias concretas de grupos desfavorecidos e de zonas con especiais dificultades.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de estudos realizados no ámbito da saúde e a exclusión</li> <li>• N.º de medidas específicas executadas</li> </ul>		Consellería de Sanidade

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Desenvolver programas de atención sanitaria específica para colectivos en situación de alto risco e favorecer a súa promoción sociolaboral*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Incrementar os programas de educación para a saúde, educación sexual, e a promoción da hábitos de vida saudables para colectivos en situación ou risco de exclusión social, prioritariamente en zonas vulnerables.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de programas específicos (educación sexual, promoción de hábitos de vida saudables, etc.) postos en marcha co colectivo en situación ou risco de exclusión social</li> <li>N.º de participantes en cada un dos programas*</li> </ul>		Consellería de Sanidade
<i>Establecer actuacións conxuntas co Plan Autonómico de Drogas para desenvolver actuacións complementarias que promovan a inserción sociolaboral das persoas a tratamento de drogodependencia.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de actuacións conxuntas deseñadas para entidades do sector</li> <li>N.º de actuacións executadas</li> <li>N.º de persoas a tratamento beneficiarias das actuacións*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consellería de Sanidade
<i>Definir actuacións conxuntas e complementarias co Plan Estratégico de Saúde Mental 2006-2010, que faciliten os procesos de inserción sociolaboral das persoas con enfermidade mental.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de actuacións conxuntas deseñadas</li> <li>N.º de persoas con enfermidade mental beneficiarias das actuacións*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consellería de Sanidade
<i>Crear equipos de intervención específicos para enfermos mentais sen fogar garantindo un traballo continuado na rúa.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de equipos novos creados</li> <li>N.º de proxectos de intervención na familia e marco comunitario para persoas con enfermidade mental desenvolvidos</li> <li>N.º de persoas destinatarias dos proxectos de intervención*</li> </ul>		Consellería de Sanidade
<i>Achegar as mulleres socialmente desfavorecidas aos programas de anticoncepción e prevención de embarazos non desexados.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de campañas de información deseñadas</li> <li>N.º de mulleres que acceden aos programas</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consellería de Sanidade
<i>Impulsar o acceso do colectivo de mulleres excluídas ao programa de detección precoz de cancro de mama.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de campañas de información deseñadas</li> <li>N.º de mulleres que acceden aos programas</li> </ul>		Consellería de Sanidade
<i>Coordinar actuacións de mellora da autonomía das persoas en situación de dependencia.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>N.º de sistemas procedementais establecidos</li> <li>N.º de modalidades de actuacións coordinadas conxuntamente</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consellería de Sanidade

\* Datos desagregados por sexo

## EIXE III

## INTERVENCIÓN CON PERSOAS E TERRITORIOS

## OBXECTIVO XERAL

Promover a inclusión social de colectivos en situación grave de pobreza e exclusión social e a intervención social en territorios vulnerables

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Promover a inclusión e a autonomía persoal nas áreas rurais menos desenvolvidas mediante programas integrais que fomenten o partenariado e a cooperación social*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Crear alternativas de inclusión sociolaboral adaptadas ao medio rural en risco de despoboamento e exclusión.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de programas específicos deseñados conxuntamente</li> <li>• N.º de concellos destinatarios das actuacións</li> <li>• N.º de entidades de iniciativa social participantes nos programas</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consellería do Medio Rural
<i>Fomentar e apoiar un desenvolvemento rural sustentable que manteña e mellore o nivel da poboación rural e eleve o grao da súa cidadanía, asegurando uns servizos públicos básicos axeitados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión, e, pola súa vez, fomenta a diversificación da súa economía coa incorporación de novas actividades e co mantemento das existentes.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de iniciativas integrais de desenvolvemento deseñadas</li> <li>• N.º de concellos participantes nas iniciativas</li> <li>• N.º de persoas inseridas no mercado de traballo*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Consellería do Medio Rural
<i>Converter a acción social de atención á dependencia nun factor de inclusión sociolaboral, fixando poboación e mellorando as rendas familiares e a calidade de vida no contorno social.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de cursos impartidos en servizos de proximidade</li> <li>• N.º de participantes nos cursos*</li> <li>• N.º de concellos onde se imparten os cursos</li> </ul>		Vicepresidencia/ Consellería do Medio Rural

\* Datos desagregados por sexo



**OBXECTIVO ESPECÍFICO**

*Previr a exclusión sociolaboral e a inadaptación social en áreas urbanas especialmente vulnerables mediante estratexias comunitarias de barrio*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Desenvolver accións con carácter preventivo de intervención, seguimento e titorización de mozos e mozas en risco de exclusión.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de mozos/as coas que se realizan intervencións*</li> <li>• N.º de mozos/as ás que se lle realizan accións de seguimento e titorización*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Concellos/ Entidades
<i>Xerar oportunidades de formación e educación en medio aberto para colectivos vulnerables (especialmente xuvenís) nos barrios das cidades.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de cursos realizados en medio aberto</li> <li>• N.º de participantes que realiza as accións en medio aberto*</li> <li>• N.º de cidades onde se realizan actividades formativas en medio aberto</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Concellos/ Entidades
<i>Previr a inadaptación e o conflito social en grupos de alto risco.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de programas de prevención deseñados</li> <li>• N.º de cidades onde se desenvolven os programas de prevención</li> </ul>		Vicepresidencia/ Concellos/ Entidades
<i>Dinamizar a vida comunitaria e asociativa, a través do fortalecemento de redes sociais e institucionais.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de cidades onde se desenvolven programas de dinamización</li> <li>• N.º de programas conxuntos a nivel local levados a cabo conxuntamente por entidades de iniciativa social e institucións</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Concellos/ Entidades

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Aumentar a participación social e laboral das persoas pertencentes á comunidade xitana*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Realización e posta en marcha dun Plan Galego de Convivencia Intercultural, Inclusión e Desenvolvemento da comunidade xitana.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia do plan</li> <li>• N.º de proxectos de inserción rematados con éxito</li> <li>• Porcentaxe de proxectos rematados con éxito</li> <li>• N.º de actos de sensibilización realizados</li> <li>• Porcentaxe de persoas escolarizadas en Educación Primaria sobre o total</li> <li>• Porcentaxe de persoas escolarizadas en Educación Secundaria sobre o total</li> <li>• Porcentaxe de persoas alumnas xitanas que rematan con éxito estudos primarios</li> <li>• Porcentaxe de persoas alumnas xitanas que rematan con éxito estudos secundarios</li> <li>• N.º de persoas xitanas rexistradas como demandantes de emprego</li> <li>• Porcentaxe de persoas rexistradas que renovan a demanda de emprego</li> <li>• N.º de persoas inseridas no mercado de traballo</li> <li>• N.º de persoas que rematan as accións formativas sobre o total</li> <li>• Esperanza de vida da poboación xeral</li> <li>• Esperanza de vida da poboación xitana</li> <li>• Porcentaxe de persoas xitanas que viven en chabolas</li> <li>• N.º de casos detectados por falta de pagamento de alugueres ou cargas hipotecarias</li> <li>• N.º de casos atendidos de discriminación no acceso aos servizos e bens, tanto públicos como privados</li> <li>• Porcentaxe de casos resoltos pola vía da mediación</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Entidades especializadas

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Procurar a reincorporación social das persoas sen fogar e daqueles que se atopan en situación de exclusión e pobreza cronicada*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Desenvolver programas locais de calidade e de atención, formación e reincorporación social e laboral, coa colaboración de ONG e entidades de iniciativa social.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de programas desenvoltos</li> <li>• N.º de localidades onde se desenvolven os programas</li> <li>• N.º de persoas beneficiarias dos programas*</li> <li>• N.º de entidades de iniciativa social involucradas</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar/ Entidades especializadas
<i>Crear e desenvolver unha rede de equipamentos para reforzar os xa existentes na atención de persoas en situacións graves de pobreza e exclusión.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de unidades e centros de inclusión social</li> <li>• N.º de técnicos/as por unidade e centro de inclusión social</li> <li>• N.º de persoas usuarias dos equipamentos*</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar
<i>Desenvolver un marco normativo sobre a tipoloxía de recursos para persoas en situación de emerxencia e exclusión social, así como requisitos materiais e funcionais nestes centros.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de normas reguladoras que desenvolven a tipoloxía e requisitos dos recursos</li> <li>• N.º de textos aprobados</li> </ul>		Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

\* Datos desagregados por sexo

## EIXE II

## COORDINACIÓN CON OUTROS ÁMBITOS

## OBXECTIVO XERAL

Promover a conciliación da vida laboral, persoal e familiar e apoia a atención á dependencia

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Aumentar e mellorar os servizos de atención a nenos/as menores de 3 anos, especialmente os da rede pública galega*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Incrementar a oferta de prazas públicas nun 60% para a etapa de 0-3 anos, así como a calidade deste recurso.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de galescolas</li> <li>• N.º de prazas ofertadas para nenos/as de 0 a 3 anos.</li> <li>• Valoración do servizo prestado (formulario de satisfacción)</li> </ul>		Vicepresidencia-Secretaría Xeral da Igualdade/ Consorcio Galego
<i>Aumentar o horario ofertado polas escolas infantís públicas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de centros infantís que amplían o seu horario</li> <li>• N.º de nenos/as beneficiarios/as da ampliación horaria*</li> </ul>		Secretaría Xeral da Igualdade
<i>Ofertar servizos para o coidado de menores, como apoio á conciliación: creación da rede de canguros e promoción de máis ludotecas.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia da rede de canguros</li> <li>• N.º de prazas ofertadas para o servizo de canguros e ludotecas por áreas comarcais</li> </ul>		Secretaría Xeral da Igualdade

\* Datos desagregados por sexo

**OBXECTIVO ESPECÍFICO**

*Promover entre o empresariado a instauración de medidas para a conciliación da vida laboral, persoal e familiar do seu persoal*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Organizar cursos de formación dirixidos ao sector empresarial.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de cursos de formación impartidos</li> <li>• N.º de persoas asistentes*</li> <li>• N.º de empresas/entidades participantes</li> </ul>		Secretaría Xeral da Igualdade
<i>Implantar mecanismos de recoñecemento para as empresas que reorganicen o seu traballo para instaurar medidas de conciliación das que se beneficie o seu persoal.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de mecanismos de recoñecemento empresarial postos en marcha</li> <li>• N.º de empresas que son recoñecidas como "conciliadoras dos tempos de traballo"</li> <li>• N.º de persoas beneficiarias directas das medidas de conciliación*</li> </ul>		Secretaría Xeral da Igualdade
<i>Editar unha guía de boas prácticas en corresponsabilidade empresarial.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de exemplares distribuídos en papel</li> <li>• N.º de CD-ROM entregados</li> <li>• N.º de descargas da Guía no Portal</li> </ul>		Secretaría Xeral da Igualdade
<i>Habilitar un espazo web dedicado á corresponsabilidade empresarial, que sensibilice sobre as súas vantaxes e serva como referente na materia.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de visitas ao portal</li> <li>• N.º de consultas/suxestións en liña recibidas</li> <li>• N.º de descargas da Guía</li> </ul>		Secretaría Xeral da Igualdade
<i>Ofertar a unha mostraxe de 50 empresas un servizo de diagnóstico e asesoramento na elaboración dun plan de corresponsabilidade á medida.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• N.º de empresas diagnosticadas e/ou asesoradas en corresponsabilidade</li> <li>• N.º de empresas que realizan un plan de corresponsabilidade</li> </ul>		Secretaría Xeral da Igualdade

\* Datos desagregados por sexo

## OBXECTIVO ESPECÍFICO

*Ofertarlles ás persoas beneficiarias do plan medidas e servizos que directamente incidan na súa dispoñibilidade para a participación social e laboral*

Actuación	Indicador	Valor	Fonte de datos
<i>Ofertar servizos para o coidado de menores como apoio á conciliación: creación da rede de canguros para a atención de menores de 0 a 13 anos no domicilio familiar.</i>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia da rede de canguros</li> <li>• N.º de servizos postos en marcha</li> <li>• N.º de persoas atendidas</li> </ul>		Secretaría Xeral da Igualdade

\* Datos desagregados por sexo